

## **Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa IGM WEB S.L., para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas**

Santiago de Compostela, 27 de xullo de dous mil dezaseis

### **REUNIDOS**

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en representación desta consellería e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

E doutra don \_\_\_\_\_, administrador único da empresa IGM WEB S.L., como representante legal desta, segundo consta no poder outorgado segundo consta no poder outorgado ante o notario \_\_\_\_\_, con data 21 de xullo de 2006 e número de protocolo 1812.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas

### **EXPOÑEN**

1º. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 39 que a formación profesional no sistema educativo ten por finalidade preparar o alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que se poden producir ao longo da súa vida, contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática, e permitir a súa progresión no sistema educativo e no sistema de formación profesional para o emprego, así como a aprendizaxe ao longo da vida.

2º. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 42 bis que a formación profesional dual do sistema educativo español é o conxunto de accións e iniciativas formativas que, en corresponsabilidade coas empresas, teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, harmonizando os procesos de ensino e aprendizaxe entre os centros educativos e os centros de traballo.

3º. Que a Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, especifica nos artigos 6 e 11.3 que a colaboración das empresas no desenvolvemento do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional se desenvolverá, entre outros ámbitos, mediante a súa participación na formación do alumnado nos centros de traballo, favorecendo a realización de prácticas profesionais dos alumnos e das alumnas nas empresas e noutras entidades, e deberán establecerse os mecanismos axeitados para que a formación que reciba financiamento público poida ofrecerse por centros ou directamente polas empresas, mediante concertos, convenios, subvencións ou outros procedementos.

4º. Que a disposición adicional segunda do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, determina que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresariais e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes. Esta colaboración ten como finalidade, entre outras, a posibilidade de impartir módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional nas instalacións das empresas, co fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos máis actuais, así como a actualización profesional. Esta colaboración formalizarase mediante convenio.

5º. Que o Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, pretende crear as bases para a implantación progresiva da formación profesional dual en España, entendida como o conxunto de accións e iniciativas formativas que teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, combinando os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro de formación, propiciando unha participación máis activa da empresa no propio proceso formativo do alumnado e, daquela, permitir que estas coñezan de xeito máis próximo a formación que reciben, cada vez máis adaptada ás demandas dos sectores produtivos e ás necesidades específicas das empresas. Neste

sentido, a empresa e o centro de formación profesional estreitan os seus vínculos, unen esforzos e favorecen unha maior inserción do alumnado no mundo laboral durante o período de formación.

Así mesmo, establece que terán a consideración de formación profesional dual os proxectos desenvolvidos no ámbito do sistema educativo, coa coparticipación dos centros educativos e das empresas, cando non medie un contrato para a formación e a aprendizaxe. Estes proxectos formalizaranse a través dun convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa colaboradora.

6º. Que a empresa IGM WEB S.L., está disposta a participar no proxecto de implantación da formación profesional dual en Galicia, acolléndose á modalidade regulada no artigo 3.1, alínea b), do Real decreto 1529/2012, na que a empresa facilita aos centros de formación os espazos, as instalacións ou as persoas expertas para impartir total ou parcialmente determinados módulos profesionais ou módulos formativos.

O alumnado participante será beneficiario de bolsas, non terá en ningún caso vinculación laboral coa empresa e non poderá establecerse entre esta e aquel ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contrato en prácticas ou para a formación e a aprendizaxe, previsto no artigo 11 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, polo que o alumnado acollido a este réxime de bolsas queda absolutamente excluído da lexislación laboral.

7º. Que o obxecto do presente convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa IGM WEB S.L., para a implantación de proxectos experimentais de formación profesional dual na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta formación profesional dual combinará os procesos de ensino e aprendizaxe nas instalacións da empresa IGM WEB S.L., e no IES Val do Asma.

En consecuencia, estes organismos acordan subscribir este convenio, con base nas seguintes,

## CLÁUSULAS

**Primeira.** Este proxecto de formación profesional, que é de carácter experimental, ten as seguintes características:

- a. Este proxecto toma como referencia un currículo oficial implantado na Comunidade Autónoma de Galicia, neste caso concreto o establecido no Decreto 109/2011, do 12 de maio, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Desenvolvemento de Aplicacións Web.
- b. O proxecto desenvolverase entre o 14 de setembro de 2016 e o 30 de setembro de 2018.
- c. A formación impartirase de xeito compartido entre o centro educativo e a empresa asinante, garantindo a adquisición dos resultados de aprendizaxe establecidos no currículo do ciclo formativo correspondente e a obtención do título de técnico superior.
- d. Ademais, atendendo ás características da empresa, o primeiro ano de vixencia destes proxectos dedicarse ata un 10 % do tempo de estadía do alumnado na empresa á formación complementaria á establecida nos currículos dos ciclos formativos correspondentes, para reforzar a formación do alumnado e mellorar a súa empregabilidade. No segundo ano, esta porcentaxe será de ata o 5 %.

**Segunda.** As concrecións do proxecto experimental de formación profesional dual para o ciclo formativo (distribución da formación curricular do ciclo formativo, distribución global do proxecto, temporalización dos módulos profesionais e adquisición, por parte do alumnado, de cualificacións e unidades de competencia) están recollidas no anexo deste convenio.

**Terceira.** A empresa IGM WEB S.L., comprométese a acoller nas súas instalacións, un mínimo de 15 alumnos o alumnas para este proxecto experimental de formación profesional dual. Este alumnado deberá cumprir os requisitos de admisión establecidos na orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que autorice estes proxectos experimentais de formación profesional dual.

Co fin de seleccionar as persoas candidatas que mellor se adapten ás características da actividade propia da empresa, IGM WEB S.L., a partir da listaxe de alumnado solicitante facilitada

polos centros educativos, seleccionará os alumnos e as alumnas que formarán parte do proxecto experimental de formación profesional dual obxecto deste convenio.

Nos correspondentes procesos de selección estará presente unha persoa representante do centro educativo, e poderán realizarse entrevistas psicoprofesionais, probas de coñecementos e entrevistas. En calquera caso, a empresa comunicará ao alumnado os criterios e os procedementos que se empreguen con anterioridade á súa realización.

**Cuarta.** A empresa IGM WEB S.L. comprométese a financiar o proxecto de formación regulado neste convenio, mediante o establecemento dun sistema de bolsas dirixido ao alumnado participante.

Este réxime de bolsas estará suxeito ás seguintes especificidades:

- a. A empresa IGM WEB S.L. achegará a cada alumno ou alumna, en períodos mensuais con carácter irrevogable, unha bolsa por importe mínimo de 500 €, durante a súa estadía na empresa.
- b. O importe das bolsas deberá facerse efectivo mediante ingresos que, con periodicidade mensual, serán realizados no número de conta bancaria que cada alumno ou alumna comuniquen para tal efecto á empresa.
- c. Os alumnos e as alumnas participantes no proxecto de formación obxecto deste convenio serán incorporados ao réxime xeral da Seguridade Social. A conseguinte afiliación e/ou alta, así como a baixa no devandito réxime, produciranse a partir da data de inicio e na de cesamento do programa de formación, nos termos, nos prazos e cos efectos establecidos no regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro.
- d. Para a efectividade do réxime de bolsas, a empresa colaboradora e as persoas bolseiras deberán cumprir sempre os requisitos establecidos na normativa que regula o proxecto de formación profesional dual e neste convenio.

**Quinta.** Durante cada un dos cursos do proxecto, o alumnado adquirirá formación no centro educativo desde o inicio do curso ata o mes de marzo, no horario lectivo que se estableza.

**Sexta.** A estadia do alumnado na empresa estenderase do 15 de marzo ao 15 de setembro de cada ano de duración de cada proxecto, que rematará en setembro de 2018. Durante o período formativo na empresa, o horario da actividade formativa e profesionalizadora deberá desenvolverse dentro do marco temporal do horario laboral da empresa.

**Sétima.** O alumnado deste proxecto disporá dun mínimo de trinta días naturais de vacacións en cada un dos cursos de duración do proxecto.

**Oitava.** Consonte o artigo 30.5 do Real decreto 1592/2012, do 8 de novembro, a actividade formativa na empresa e no centro educativo coordinarase mediante reunións mensuais de control nas que se fará seguimento do alumnado.

A empresa IGM WEB S.L., nomeará unha persoa como titor ou titora do alumno ou da alumna, que será responsable do seguimento da actividade formativa, da coordinación da actividade profesionalizadora coa actividade formativa e da comunicación co centro de formación.

Así mesmo, o centro formativo designará un profesor ou profesora, ou formador ou formadora, como titor ou titora responsable da programación e do seguimento da formación, así como da coordinación da avaliación co profesorado e/ou os titores e as titoras que interveñen. Ademais, esta persoa será a interlocutora coa empresa para o desenvolvemento do proxecto.

**Novena.** Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando o considere oportuno calquera das partes asinantes. Esta comisión estará constituída polos seguintes membros:

En representación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:

- A persoa titular da Subdirección Xeral de Formación Profesional ou persoa en quen delegue.
- A persoa titular da dirección do IES Val do Asma ou persoa en quen delegue.

Dúas persoas representantes da empresa IGM WEB S.L.

Un funcionario ou unha funcionaria da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria actuará como secretario ou secretaria.

**Décima.** O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata a finalización do proxecto.

**Décimo primeira.** Este convenio extinguirase pola finalización do tempo convido e poderase resolver por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas, que se lle deberá comunicar á outra cunha antelación mínima de quince días, baseada nalgunha das seguintes causas:

- a. Cesamento das actividades do centro docente ou da empresa.
- b. Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- c. Incumprimento das cláusulas establecidas neste convenio.
- d. Mutuo acordo entre o centro docente e a empresa.

**Décimo segunda.** A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

**Décimo terceira.** Este convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e das materias sobre as que versa, as cales, ao abeiro do disposto no artigo 4.1 e 2 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que xurdiren na súa aplicación e non puideren ser solucionadas no seo da comisión de seguimento serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e co Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a citada lei orgánica, nin o alumnado nin a empresa que por razón das actividades formativas teñan acceso a datos de carácter persoal disporán destes con finalidade distinta á exixida polas accións formativas.

Lido este convenio, atópano conforme e asínano no lugar e na data indicados.

**O conselleiro de Cultura, Educación  
e Ordenación Universitaria**

**O representante da empresa IGM WEB  
S.L.**

**Asdo.: Román Rodríguez González**

**Asdo.:**



# 1. ANEXO

## 1.1 Distribución da formación curricular do ciclo formativo

| Duración proxecto    |                  |                                   | Curso 16-17 | Curso 17-18 | FCT + Proxecto |
|----------------------|------------------|-----------------------------------|-------------|-------------|----------------|
| Formación curricular | Centro educativo | Formación centro educativo (67 %) | 694         | 646         | -              |
|                      | Empresa          | Formación en empresa (33 %)       | 129         | 121         | 410            |
| Total                |                  |                                   | 2000 h      |             |                |

FCT: formación en centros de traballo.

## 1.2 Temporalización dos módulos profesionais

### 1.2.1 Curso 2016-2017

#### 1.2.1.1 Planificación

| Curso 2016 - 2017 |                               |      |      |      |      |                                                      |      |      |      |       |      |      |
|-------------------|-------------------------------|------|------|------|------|------------------------------------------------------|------|------|------|-------|------|------|
| Set.              | Out.                          | Nov. | Dec. | Xan. | Feb. | Mar.                                                 | Abr. | Maio | Xuño | Xullo | Ago. | Set. |
|                   | Formación no centro educativo |      |      |      |      | Actividade profesionalizadora / formación na empresa |      |      |      |       |      |      |

#### 1.2.1.2 Organización dos módulos profesionais

| Código módulo | Nome módulo                                              | Horas totais módulo | FCE | FEM |
|---------------|----------------------------------------------------------|---------------------|-----|-----|
| MP0373        | Linguaxes de marcas e sistemas de xestión de información | 133                 | 112 | 21  |
| MP0483        | Sistemas informáticos                                    | 186                 | 157 | 29  |
| MP0484        | Bases de datos                                           | 187                 | 158 | 29  |
| MP0615        | Deseño de interfaces web                                 | 157                 | 132 | 25  |
| MP0617        | Formación e orientación laboral                          | 107                 | 90  | 17  |
| MP0618        | Empresa e iniciativa emprendedora                        | 53                  | 45  | 8   |
| TOTAL         |                                                          | 823                 | 694 | 129 |



## 1.2.2 Curso 2017-2018

### 1.2.2.1 Planificación

| Curso 2017 - 2018 |                               |      |      |      |      |                                                      |      |      |      |       |      |      |
|-------------------|-------------------------------|------|------|------|------|------------------------------------------------------|------|------|------|-------|------|------|
| Set.              | Out.                          | Nov. | Dec. | Xan. | Feb. | Mar.                                                 | Abr. | Maio | Xuño | Xullo | Ago. | Set. |
|                   | Formación no centro educativo |      |      |      |      | Actividade profesionalizadora / formación na empresa |      |      |      |       |      |      |

### 1.2.2.2 Organización dos módulos profesionais

| Código módulo | Nome módulo                              | Horas totais módulo | FCE | FEM |
|---------------|------------------------------------------|---------------------|-----|-----|
| MP0485        | Programación                             | 240                 | 202 | 38  |
| MP0487        | Contornos de desenvolvemento             | 107                 | 90  | 17  |
| MP0612        | Desenvolvemento web en contorno cliente  | 157                 | 132 | 25  |
| MP0613        | Desenvolvemento web en contorno servidor | 175                 | 148 | 27  |
| MP0614        | Despregamento de aplicacións web         | 88                  | 74  | 14  |
| TOTAL         |                                          | 767                 | 646 | 121 |

## 1.3 Adquisición, por parte do alumnado, de cualificacións e unidades de competencia

### Cualificacións profesionais completas

|                                                                                                                                                                                                                         |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxías web, IFC154_3 (Real decreto 1087/2005, do 16 de setembro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:</b></li> </ul> |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>– UC0491_3. Desenvolver elementos de software no contorno cliente.</li> </ul>                                                                                                    |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>– UC0492_3. Desenvolver elementos de software no contorno servidor.</li> </ul>                                                                                                   |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>– UC0493_3. Implementar, verificar e documentar aplicacións web en contornos internet, intranet e extranet.</li> </ul>                                                           |

### Cualificacións profesionais incompletas

|                                                                                                                                                                                                    |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>a) Programación en linguaxes estruturadas de aplicacións de xestión, IFC155_3 (Real decreto 1087/2005, do 16 de setembro).</b></li> </ul>              |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>– UC0223_3. Configurar e explotar sistemas informáticos.</li> </ul>                                                                                         |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>– UC0226_3. Programar bases de datos relacionais.</li> </ul>                                                                                                |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>b) Programación con linguaxes orientadas a obxectos e bases de datos relacionais, IFC 080_3 (Real decreto 295/2004, do 20 de febreiro).</b></li> </ul> |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>– UC0223_3. Configurar e explotar sistemas informáticos.</li> </ul>                                                                                         |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>– UC0226_3. Programar bases de datos relacionais.</li> </ul>                                                                                                |